



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS PARA A ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN DO SECTOR DOS ÁRIDOS DE GALICIA AO VII CONGRESO NACIONAL DOS ÁRIDOS.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Asociación Galega de Áridos (ARIGAL) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 5 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Galega de Áridos para a asistencia dunha delegación do sector dos áridos de Galicia ao VII congreso nacional de áridos que se celebrará en Córdoba do 22 ao 24 de outubro de 2025, e inclúe a inscrición de dúas persoas encargadas de desenvolver as diferentes accións no stand, dúas bolsas para alumnos do I.E.S. As Fontiñas do FP Dual Escavacións e Sondaxes, consistentes no abono da inscrición e a elaboración de material promocional, composto por bolígrafos, chaves USB, paraugas, adhesivos, catálogos, trípticos, dípticos, etc,...

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.





O Decreto 140/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG. Núm. 101, de 27.05.2024) configura á dita consellería (en adiante, CEI) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

Consonte ao disposto no artigo 29 deste decreto, as competencias en materia de minas están atribuídas, de xeito particular, á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas; e segundo o sinalado no seu artigo 34, correspóndelle á Subdirección Xeral de Recursos Minerais desenvolver o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

A Asociación Galega de Áridos (en diante ARIGAL) constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro na que figura entre os seus fins, segundo reflicte o artigo 5 dos seus estatutos, promover a utilización e a calidade axeitada dos áridos potenciando o perfeccionamento da normativa técnica aplicable, así como apoiar e fomentar a realización de cantas actividades tendan ao mellor logro dos seus fins, entre os que está o de representación dos seus asociados e a defensa dos intereses lexítimos das actividades industriais, de fabricación e de comercialización de áridos naturais e reciclados.

A Consellería de Economía e Industria achegará ata un máximo de **DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (19.986,66 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.734A-780.0 proxecto 2023/00004, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas  
Pablo Fernández Vila

